



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

Mediante resolución nº 2021-1747 da Concellería delegada de persoal aprobose a convocatoria e bases de selección seguintes,

“ CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONFECCION DE LISTAXE DE RESERVA PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE PRAZAS DE PROFESOR/A DO CONSERVATORIO E/OU NA ESCOLA DE MÚSICA DE TUI NA ESPECIALIDADE DE PIANO E LINGUAXE MUSICAL, cuxo articulado é o seguinte:

1 OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é dispor dun sistema rápido, áxil e que cumpra os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, co fin de utilizalo para a cobertura de baixas, substitucións temporais, contratacións temporais e similares de prazas de profesor/a de música na especialidade de **PIANO E LINGUAXE MUSICAL**.

O período de contratación de cada persoa terá unha duración igual ao tempo que dure a circunstancia que origine a contratación ou nomeamento.

2 CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

O persoal da lista poderá ser contratado temporalmente a xornada parcial (e para a xornada que se especifique no chamamento), cando sexa necesaria a substitución transitoria dos titulares de prazas de profesor de piano e ou linguaxe musical, para a execución de obra ou servizo determinado, en interinidade ata que as prazas se cubran en propiedade ou cando o exceso ou acumulación de tarefas así o esixan.

As funcións a desenvolver pola persoa seleccionada serán a das materias de **piano, linguaxe musical** e outras que considere o Equipo Directivo do Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui, relacionadas co posto.

Dito persoal cesará cando a praza sexa cuberta en propiedade, cando desaparezan as circunstancias que motivaron a súa contratación ou á finalización do proceso selectivo que se convoque para prover prazas de forma definitiva correspondentes a categoría das prazas obxecto deste proceso selectivo.

As retribucións serán as correspondentes para o posto de traballo da persoa que substitúa, para o que se lle adscriba na Relación de Postos de Traballo, ou, no caso de que non exista posto de traballo na Relación de Postos de Traballo, as que se fixen no contrato de traballo, e que serán equivalente ou proporcional as da Relación de Postos de Traballo.

A lista que se confeccione estará en vigor ata que se realice un novo proceso selectivo para prazas de profesor de piano e linguaxe musical, e en todo caso, por un prazo máximo de 3 anos.

3 REQUISITOS DOS ASPIRANTES



1 Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.-Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

3.-Ser maior de dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4.-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade co disposto no artigo 56.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

5.-Non estar inmerso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

6.- Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual. (As persoas que resulten seleccionadas, deberán aportar, previa á contratación, unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, ou autorizar expresamente ó Concello para a súa solicitude).

7.-Estar en posesión do **Título superior ou medio de piano (plan de estudos Decreto 2618/1966), ou do Título superior de piano LOXSE ou LOE .**

8.-Estar en posesión do **Título superior ou medio de linguaxe musical (plan de estudos Decreto 2618/1966), ou do Título superior de pedagogía da linguaxe musical LOXSE ou LOE.**

9.- Ter ingresado na conta da Tesourería do Concello de Tui, durante o prazo de presentación de instancias, o importe en concepto de dereitos de exame segundo o disposto na ordenanza reguladora correspondente. Importe **15,34€**.

Para o pago das taxas poden:

1. Dirixirse o seguinte enlace: <https://tui.ovt.gal/>: Servicios dispoñibles sen Certificado Dixital/Autoliquidacións/ No apartado concepto: 325-02.00 Dereitos de exame/ No apartado subconcepto: 001 Grupos A1,A2,B/Descrición: **LISTA PIANO EXP 1909/2021**.
2. Poden solicitar o documento de ingreso no departamento de tesourería do Concello, enviando correo electrónico a cobros@tui.gal, indicando no mesmo correo os seguintes datos: nome e apelidos, dni, enderezo completo con código postal, nome do proceso selectivo e teléfono de contacto; tendo en conta que deben facelo coa antelación suficiente para recibir o dito documento, e poder realizar o pago no prazo de presentación de instancias.
3. Presencialmente na propia oficina de Tesourería do Concello de Tui.

4 PROCESO DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición.

FASE DE OPOSICIÓN: (puntuación máxima nesta fase 22 puntos).

a) Primeiro exercicio: Obrigatorio e eliminatorio de carácter teórico-práctico.

Consistirá en desenrolar de forma escrita o suposto plantexado polo tribunal, que estará baseado no contido do programa establecido no anexo I da convocatoria, durante un período de tempo que será determinado polo tribunal antes do inicio deste exercicio. Se o tribunal o esixe, este exercicio terá que ser lido polo





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

aspirante. Neste caso, o tribunal reservase o dereito de facer preguntas sobre o mesmo. **Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.**

b) Segundo exercicio: Obrigatorio e eliminatorio de carácter teórico-práctico.

Rematado o primeiro exercicio teórico-práctico e nesta mesma sesión, realizarase unha segunda proba que consistirá en desenrolar de forma escrita o suposto plantexado polo tribunal, que estará baseado no contido do programa establecido no anexo II da convocatoria, durante un período de tempo que será determinado polo tribunal antes do inicio deste exercicio. Se o tribunal o esixe, este exercicio terá que ser lido polo aspirante. Neste caso, o tribunal reservase o dereito de facer preguntas sobre o mesmo. **Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.**

c) Terceiro exercicio: Obrigatorio e non eliminatorio.

Rematado o segundo exercicio teórico-práctico e nesta mesma sesión, realizarase unha proba de coñecemento de lingua galega que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo e que puntuarase de 0 a 2, sendo este exercicio de carácter obrigatorio pero non eliminatorio.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír o **Celga 4** ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán os **2 puntos**.

FASE DE CONCURSO: (puntuación máxima de 4 puntos).

En primeiro lugar o tribunal procederá a avaliar os méritos conforme o seguinte baremo:

1) Experiencia docente: 0,10 puntos por mes completo coma profesor de piano e/ou linguaxe musical ata un máximo de 2 puntos. Tan só puntuará as clases realizadas en Conservatorios Profesionais, sendo necesario acreditar tal circunstancia cunha copia do correspondente contrato e vida laboral. As fraccións inferiores ao mes non se computarán.

2) Títulos oficiais superiores adicionais relacionados coa materia do contrato, 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto.

3) Cursos relacionados coas materias do contrato (só puntuarán os cursos de mais de 19 horas acreditadas), ata un máximo de 1 punto.

- Cursos de 20 a 50 horas, 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 51 a 100 horas, 0,20 puntos por curso.
- Cursos de 101 a 200 horas, 0,40 puntos por curso.
- Cursos de mais de 201 horas, 0,50 puntos por curso.



Con carácter xeral especificase que só se valorarán os cursos e méritos relacionados con instrumentos ou materias que sexan as propias ás que se aspira a dar clases impartidos polas Administracións Públicas, Sindicatos, Universidades, Conservatorios, Servizo Público de Emprego ou Colexio Profesional e relacionados coas funcións a desenvolver, a xuízo do Tribunal. Non serán valoradas as xornadas, seminarios, encontros, conferencias, premios, concursos e demais actos que non teñan un carácter especificamente docente. Os cursos nos que non apareza recollido o número de horas, non serán valorados.

5 PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez aprobadas as presentes bases, a convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal), podendo presentar os interesados as súas solicitudes durante **10 días hábiles**, dende o día seguinte ao da publicación do anuncio. As solicitudes para a participación no presente proceso selectivo presentaranse mediante instancia dirixida a Alcaldía , no Rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os/As aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello, ou nunha administración integrada no sistema de interconexión de rexistros (SIR) , será necesario remitila por correo electrónico a secretaria.persoal@tui.gal, o mesmo día da súa presentación, na que debe aparecer o selo do rexistro do lugar no que se presentou, para que sexan incluídos na listaxe de admitidos.

Xunto á instancia achegaranse os seguintes documentos:

*Copia do DNI.

*Copia da titulación esixida.

*Copia do xustificante de ter aboado os dereitos de exame.

*Copia do certificado oficial acreditativo do nivel Celga 4 de coñecemento da lingua galega, aos efectos de quedar exento da realización da proba de galego.

*Declaración de posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, e declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade do disposto no artigo 56.1 do RDL 5/2015, do 15 de outubro. Declaración de non estar inmerso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

*Méritos: Coa solicitude, deberá aportarse a documentación acreditativa dos méritos alegados, puntuando tan so os que mais arriba se indicaron.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

6 PUBLICIDADE DA LISTAXE DE ADMITIDOS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Concelleiro delegado, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (conceltotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal), relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **cinco días hábiles** para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicarase na mesma forma. Nesta resolución incluírase, o lugar, a data e a hora de realización dos exercicios. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (conceltotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal).

7 MEMBROS DO TRIBUNAL

O Tribunal Cualificador estará formado por un presidente, un secretario e tres vogais. En ningún caso os membros do tribunal cualificador poderán ser funcionarios interinos, persoal eventual ou persoal de elección ou designación política. Cada membro do tribunal terá o seu suplente. Os titulares e suplentes serán nomeados polo Concelleiro competente na materia cando se dite a resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose ditos asesores unicamente a prestala súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

A actuación do Tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

Os membros dos Tribunais que actúen nestas probas selectivas terán dereito a percibir as indemnizacións correspondentes, conforme ó establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e lexislación complementaria.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, podendo



as súas resolucións ser recorridas enalzada ante o concelleiro de goberno competente en materia de persoal, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8 CUALIFICACIÓN FINAL.

Logo da valoración dos méritos alegados e das probas realizadas polas persoas aspirantes, o Tribunal publicará a listaxe provisional das puntuacións acadadas. Dita listaxe será exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal)

As persoas relacionadas na listaxe anterior, disporán de **tres días hábiles** para presentar alegacións ás valoracións da listaxe provisional, nas mesmas condicións que indican estas bases no seu punto 5 para a entrega da documentación das solicitudes. Esta listaxe, será definitiva, de non presentarse alegacións á mesma no prazo indicado.

Estas alegacións serán aceptadas ou rexeitadas polo Tribunal, na listaxe definitiva que se publicará na mesma forma indicada, e que se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal).

En caso de empate nas puntuacións, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

- *-primeiro: a maior puntuación obtida na fase de oposición
- *-segundo: a maior puntuación obtida na valoración dos méritos da fase de concurso
- *-terceiro: de persistir o empate, resolverase por sorteo

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningunha persoa aspirante a proba ou por non presentarse ningún á mesma, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9 LISTAXE DE RESERVA E VIXENCIA

A lista de reserva, confeccionada por orde de maior a menor puntuación, será sometida á aprobación do Sr. Concelleiro competente na materia. A resolución do Concelleiro e as listas de reserva serán expostas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal) para coñecemento dos interesados e demais efectos legais.

Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases reguladoras (tanto as resolucións do Concelleiro responsable na materia, como os anuncios do tribunal cualificador), se procederá mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (concellotui.sedelectronica.gal) e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal)

En todo caso, os prazos referidos nos diferentes apartados das presentes bases reguladoras, computaranse desde o momento da publicación da resolución ou anuncio correspondente no taboleiro de anuncios da sede electrónica (concellotui.sedelectronica.gal), sen prexuízo da publicación de anuncio das presentes bases no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

A lista de espera elaborada terá unha duración de 3 anos ou de menos no caso de que houberse un novo proceso selectivo para a cobertura desta praza, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

10 FUNCIONAMENTO DA LISTAXE DE RESERVA:

Cando sexa necesario proceder a realizar os correspondentes chamamentos e coa finalidade de outorgar a máxima axilidade, estes chamamentos poderanse facer por grupos ou poderá consistir nun único chamamento con todos os/as integrantes da lista pendentes de chamar.

A estes efectos, o Concello de Tui publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) do Concello de Tui e de forma complementaria na súa páxina web, www.tui.gal, a persoa ou listaxe de integrantes da lista aos que se procede a chamar, indicando as características do ofrecemento (duración, xornada, retribucións), outorgándose un prazo de **2 días hábiles** para que manifesten se están dispostos a aceptar a oferta, respectando en todo caso o lugar se ocupe na lista de reserva.

Aqueles que figuren no chamamento e non manifesten en prazo que están dispostos a aceptar a oferta ou contesten rexeitando a oferta considerarase que renuncian.

Aquel/a ou aqueles/as dos/as integrantes da lista que, sendo chamados/as, manifesten dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior que están dispostos/as a aceptar a oferta, de acordo coa orde que figure na lista de reserva e ata o número máximo de prazas ou postos a cubrir, serán propostos para ser contratados coma persoal laboral temporal, segundo o caso, a cuxos efectos deberán presentar a documentación que se sinala a continuación, no prazo máximo de **24 horas hábiles** dende a publicación da proposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) do Concello de Tui e de forma complementaria na súa páxina web, www.tui.gal :

- 1.—Copia autenticada do título esixido no artigo 4º, ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición, agás que xa fora presentado coa solicitude de participación.
- 2.—Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- 3.—Fotocopia da cartilla da S.S.
- 4.—Número de conta bancaria cos 20 díxitos.
- 5.—Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- 6.- Copia cotexada dos méritos alegados na fase de concurso.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 1 día hábil para a súa achega ou subsanación que se contará desde o seu requirimento efectuado pola unidade de Persoal que poderá ser ben mediante chamada telefónica ou ben mediante correo electrónico, para unha maior axilidade na súa tramitación, así mesmo tamén se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) do Concello de Tui e de forma complementaria na súa páxina web, www.tui.gal.



En ningún caso este prazo suporá ampliación do prazo procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

11 RENUNCIAS:

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:

- Primeira renuncia: Seis meses de exclusión.
- Segunda renuncia: Pase o final da listaxe de reserva.
- Terceira renuncia: Exclusión definitiva da lista.

12 EXCLUSIÓNS DEFINITIVAS:

Procederá a exclusión definitiva da lista de reserva a aquelas persoas que:

- Unha vez que sexan contratadas renuncien ou extingan voluntariamente o seu contrato por calquera causa.
- Renuncien por terceira vez o chamamento para a súa contratación.

13 PUBLICACIÓNS NO TABOLEIRO DE EDICTOS:

Para os efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases reguladoras, se procederá mediante a publicación no anuncio da sede electrónica (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) do Concello, sen prexuízo da publicación do anuncio das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

14 PROTECCIÓN DE DATOS:

Dacordo co Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril 2016 e Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, 3/2018, informase ós participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados na unidade de Persoal-departamento de Secretaría deste Concello, coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

15 NORMA FINAL

As convocatorias, as resolucións aprobatorias das bases, e cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de procedemento administrativo común, así como segundo a lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O Tribunal Cualificador queda facultada para a resolución de cantas incidencias e cuestións se susciten no desenvolvemento do proceso selectivo, podendo as súas resolucións ser recorridas en alzada ante o Concelleiro competente en materia de persoal de acordo co precisado no art. 121.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

En todo o non previsto nestas bases estarase o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba el texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; no R.D.Lex. 781/1986, de 18 de abril; no RD896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos o que debe





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local e o RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, que ten carácter supletorio. Así mesmo é de aplicación a Lei 2/2015 o Emprego Publico de Galicia.

ANEXO I: TEMARIO DA ESPECIALIDADE DE PIANO

Tema 1. Historia xeral do piano: orixes e antecedentes do piano. Evolución histórica dende comezos do século XVIII.

Tema 2. O piano moderno: descrición das súas características construtivas. Funcionamento dos elementos constitutivos da súa mecánica. Mantemento e conservación. Aspectos fundamentais na elección do instrumento.

Tema 3. Características sonoras do instrumento. Principios físicos da produción do son nas cordas percutidas: fundamentos teóricos dos sons harmónicos. A influencia dos pedais na sonoridade pianística.

Tema 4. Técnicas de concienciación corporal: relaxación física e mental, concentración, hábitos posturais, respiración, control e visualización mental, medo escénico.

Tema 5. Aspectos anatómicos e fisiomecánicos máis importantes en relación coa técnica do piano. Xeito de sentar, posición do corpo en xeral e das mans sobre o teclado. Descrición das funcións básicas correspondentes aos distintos segmentos do brazo e as súas articulacións; movementos e combinacións de movementos que deles derívanse.

Tema 6. A dixitación. Criterios sobre dixitación a través das diferentes épocas e estilos.

Tema 7. A técnica moderna do piano: principios fundamentais. Achega ao desenvolvemento da técnica moderna dos grandes instrumentistas e pedagogos.

Tema 8. Evolución das diferentes escolas e sistemas pedagóxicos dos instrumentos de teclado, desde o clavicémbalo e o clavicordio ata o fortepiano e o piano do século XIX. Estudo comparativo das concepcións teóricas e técnicas das diferentes escolas.

Tema 9. Os diferentes métodos, coleccións de estudos, exercicios e outros materiais pedagóxicos. Valoración da súa utilidade para a aprendizaxe dos distintos aspectos da técnica. Bibliografía especializada relacionada co instrumento e a súa didáctica.

Tema 10. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio do clavicémbalo, o clavicordio e o fortepiano ao longo do século XVIII. Mestres de transición ao Clasicismo. Os clavecinistas españois.



Tema 11. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio para teclado do Clasicismo. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 12. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico dos mestres da transición ao Romanticismo: Beethoven, Schubert e outros. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 13. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico no século XIX: Os grandes compositores románticos: Chopin e Liszt. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 14. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico no século XIX: os grandes compositores románticos: Mendelssohn, Schumann e Brahms. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 15. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico do Postromanticismo: as escolas nacionais e a súa achega á literatura pianística ao longo da segunda metade do século XIX e comezos do XX. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 16. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico da música española entre dous séculos: Albéniz, Granados, Falla, Turina e outros. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 17. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico da música iberoamericana: Vila-Lobos, Chávez, Ginastera, Lecuona e outros. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 18. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico da música francesa entre dous séculos: Fauré, Debussy, o Impresionismo, Ravel e outros. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 19. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico dos clásicos do piano moderno: Stravinsky, Bartók, Prokofieff, Hindemith, Shostakovich e outros. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 20. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio pianístico da moderna escola de Viena e a súa influencia no piano contemporáneo. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 21. Características, referidas á evolución do estilo e a escritura instrumental, do repertorio pianístico despois de 1950. Novos recursos compositivos, formais e de notación. Principais tendencias e





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

compositores. O piano contemporáneo en España: compositores e repertorio. Repertorio pedagóxico adaptado aos ensinos elementais e profesionais.

Tema 22. A práctica de grupo nos ensinos elementais. Programación das actividades colectivas neste nivel: Repertorio, conceptos relativos á linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación e outros aspectos.

Tema 23. A práctica de grupo nos ensinos profesionais. Programación das actividades colectivas neste nivel: repertorio, conceptos relativos á linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación e outros aspectos.

Tema 24. Características do repertorio básico e progresivo para música de cámara con piano: Acompañamento do canto, dúos, tríos, cuartetos e outros. Evolución ao longo das diferentes épocas. O piano como instrumento orquestral.

Tema 25. A música de cámara nos ensinos profesionais. Programación desta materia: agrupacións, repertorio, análise, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, lectura a primeira vista e outros. Criterios pedagóxicos para a elección do repertorio.

Tema 26. Características do repertorio básico e progresivo para piano a catro mans, dous pianos, e repertorio con orquestra de dificultade mínima.

Tema 27. O piano como instrumento acompañante. Características do repertorio e da súa interpretación, tanto en música como en danza.

Tema 28. O piano no jazz. Características do repertorio e da súa interpretación. Os cifrados e a improvisación.

Tema 29. O piano como instrumento complementario para os alumnos non pianistas. Criterios pedagóxicos para a selección e aplicación do repertorio nos diferentes niveis. Problemática específica, tendo en conta as características de idade e dedicación destes alumnos. Adecuación da técnica e a programación ás súas necesidades.

Tema 30. Descrición e estudo comparado dos sistemas metodolóxicos máis importantes de iniciación ao instrumento. Criterios didácticos para a selección de repertorio a nivel inicial.

Tema 31. Criterios didácticos para a selección do repertorio nos ensinos elementais e profesionais.

Tema 32. A creatividade e o seu desenvolvemento. A creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, intelixencia musical e



personalidade artística. O desenvolvemento do espírito emprendedor: calidades, habilidades, actitudes e valores que engloba o espírito emprendedor.

Tema 33. Métodos de traballo e desenvolvemento da autonomía no estudo. O desenvolvemento da capacidade do alumno para que atope solucións propias das dificultades do texto musical. Estratexias adecuadas.

Tema 34. Principios de improvisación no instrumento: recursos, materiais e procedementos. Aplicación á realización de cifrados e ao acompañamento de melodías. A improvisación dirixida ou libre. Uso de novas linguaxes e notacións na improvisación.

Tema 35. A lectura a primeira vista. Técnicas, estratexias, análise aplicada e métodos. Simplificación ou redución da partitura. Criterios para a selección do material adecuado a cada nivel.

Tema 36. A memoria. A educación da memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo. Memoria sensorial. Tipos de memoria. Factores no uso da memoria. A memoria como elemento imprescindible nos diferentes aspectos que conforman o estudo do instrumento. Técnicas de memorización.

Tema 37. Interdisciplinaria nos estudos de piano. A relación que conforman entre si as diferentes materias do currículo.

Tema 38. A música como patrimonio histórico-artístico cultural. A relación da música coas correntes estéticas e coas demais artes. Responsabilidade do docente na súa valoración, preservación e transmisión ás actuais e ás futuras xeracións.

Tema 39. As tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao ensino e a aprendizaxe do instrumento. Importancia da utilización do software musical e da selección dos recursos da internet.

ANEXO II: TEMARIO DA ESPECIALIDADE DE LINGUAXE MUSICAL

Tema 1. A linguaxe musical: Evolución histórica. Os grandes pedagogos: análise das súas bibliografías relacionadas coa linguaxe musical. Métodos e sistemas actuais de pedagogía musical. A investigación musical: ferramentas cuantitativas e cualitativas actuais.

Tema 2. A lectura musical: Evolución, lectura horizontal e vertical, a lectura interválica sen clave, lectura a primeira vista e lectura articulada. Importancia da escritura musical: escritura melódica e escritura harmónica. As grafías non convencionais na lectura e escritura musical.

Tema 3. A voz e a súa fisioloxía. Respiración, relaxación e vocalización tanto na voz falada como na voz cantada. Clasificación e extensión das voces. A voz na infancia e na adolescencia. Características





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

específicas e a súa problemática. Coidado da voz e influencias das alteracións físicas e psíquicas nela. A voz do profesor de linguaxe musical: coidado e mantemento.

Tema 4. Entoación, afinación e empaste. A entoación imitada e a entoación consciente. A articulación e o fraseo. Importancia da entoación acompañada e da entoación a capela. A interválica pura e a súa aplicación a obras post-tonais ou atonais.

Tema 5. Influencia da canción popular e a canción de autor no proceso educativo musical. O canon como recurso didáctico para a iniciación coral. Criterios didácticos para a selección de repertorio vocal monódico e polifónico.

Tema 6. Anatomía e fisioloxía do oído. Psicoloxía da audición: desenvolvemento cognitivo, motivación. Tipos de audición. A audición nas metodoloxías musicais do século XX.

Tema 7. A audición comprensiva. Didáctica da audición: técnicas e recursos utilizados para a audición de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadenciais, formais, tímbricos, estilísticos e outros.

Tema 8. O fenómeno físico harmónico. Calidades do son. O movemento ondulatorio. Fundamentos dos sistemas de afinación. A serie harmónica. As proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Índices acústicos. A serie de Fourier.

Tema 9. Organoloxía: Clasificación dos instrumentos musicais. Os instrumentos na aula de linguaxe musical. O corpo como instrumento. Os instrumentos transpositores, electrónicos, a síntese e a manipulación artificial do son.

Tema 10. O tempo musical. A determinación do tempo antes da súa expresión en termos. Os termos relativos e absolutos alusivos ao tempo. A agóxica.

Tema 11. Evolución do ritmo desde as súas orixes ata o século XX: métrica literaria, pés métricos e modos rítmicos. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical. Orixe e evolución dos compases. A importancia do silencio.

Tema 12. O ritmo: A súa traxectoria e evolución a partir do século XX. A equivalencia e a súa implicación na rítmica. Valoración especial e grupos rítmicos irregulares. Polimetrías e polirritmias. Modificación da acentuación métrica. Música sen compás. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 13. A modalidade: Evolución histórica. Evolución desde a tonalidade ata a disolución tonal. Tipos de escalas ao longo da historia. O intervalo: Consonancia e disonancia. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical



Tema 14. A monodía e a melodía. Simultaneidade de liñas melódicas. Do sentimento harmónico á harmonía sistematizada. A importancia da melodía na linguaxe musical. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical. Os acordes: orixe, tipoloxías e funcionalidade. As cadencias: orixe, tipoloxías e funcionalidade.

Tema 15. A modulación: desenvolvemento histórico, tipos e procedementos. Función expresiva da modulación. Importancia da modulación na linguaxe musical.

Tema 16. A forma: evolución histórica e estruturas formais na música vocal e instrumental ata o século XX. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 17. Pluralidade de formas e estilos na música contemporánea. Procedementos xeradores da forma. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 18. A notación musical: Evolución histórica desde os neumas ás notacións actuais. A expresión musical: signos ou termos de uso habitual, tanto tradicionais como non convencionais que afectan á interpretación.

Tema 19. A transcripción: Conceptos xerais e criterios sobre a interpretación de transcripcións. Aplicación didáctica da transcripción na aula de linguaxe musical.

Tema 20. A ornamentación: Orixe, evolución e escolas. A súa interpretación tendo en conta o autor e a época. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 21. O transporte: Orixe, función, tipos, técnicas e aplicacións na práctica musical. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 22. Análise musical e sociolóxica do jazz, do flamenco e doutras músicas populares. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 23. As artes escénicas: Música, danza e arte dramático. Interrelación da linguaxe musical coas outras materias do currículo de danza e de arte dramática. A relación do profesorado de linguaxe musical coas artes escénicas. O uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

Tema 24. A música nos distintos niveis do currículo de danza. A relación da linguaxe musical coa danza. O corpo e o movemento como medios de expresión musical: o corpo como instrumento. O uso da danza con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

Tema 25. A música nos distintos niveis do currículo de arte dramática. A relación da linguaxe musical coa arte dramática. A mímica e o xesto como medios expresivos de comunicación. O uso da arte dramática con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

Tema 26. A creatividade e o seu desenvolvemento. A creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, intelixencia musical e





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

personalidade artística. O desenvolvemento do espírito emprendedor: calidades, habilidades, actitudes e valores que engloba o espírito emprendedor.

Tema 27. Métodos de traballo e desenvolvemento da autonomía no estudo. O desenvolvemento da capacidade do alumno para que atope solucións propias das dificultades do texto musical. Estratexias adecuadas.

Tema 28. A memoria. A educación da memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo. Memoria sensorial. Tipos de memoria. Factores no uso da memoria. A memoria como elemento imprescindible nos diferentes aspectos que conforman a linguaxe musical. Técnicas de memorización.

Tema 29. Interdisciplinabilidade nos estudos da linguaxe musical. A relación que conforman entre si as diferentes materias do currículo.

Tema 30. A música como patrimonio histórico-artístico cultural. A relación da música coas correntes estéticas e coas demais artes. Responsabilidade do docente na súa valoración, preservación e transmisión ás actuais e ás futuras xeracións.

Tema 31. As tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao ensino e á aprendizaxe da linguaxe musical. Importancia da utilización de software musical e da selección dos recursos da internet.
Tema 1. A linguaxe musical: Evolución histórica. Os grandes pedagogos: análise das súas bibliografías relacionadas coa linguaxe musical. Métodos e sistemas actuais de pedagogía musical. A investigación musical: ferramentas cuantitativas e cualitativas actuais.

O Sr. Concelleiro Delegado de Persoal, Seguridade de Protección Civil, Don Jose Ramón Magán Rivera, en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

